

104 propostas para a nova Biblioteca de Ponteareas
Páxina 3

Aberta a licitación para a nova escola infantil
Páxina 3

Roberto Mera: "O TSXG avala o PXOM do bipartito BNG-PSOE"
Páxina 5

Homenaxe a Ángel Viro
Páxina 8

As Neves explora mobilidade peonil para a EP-4204
Páxina 10

175.000€ para Comunidades de Augas de Mos
Páxina 11

Novo Auditorio Municipal no Porriño
Páxina 12

400.000€ para novo obradoiro de emprego en Salceda de Caselas
Páxina 15

A Cañiza homenaxea a Diego de Giráldez
Páxina 16



Entrevista
Loli Castiñeira
Alcaldesa de
Salceda de Caselas

"A nosa prioridade é o saneamento de Salceda"

Páxina 14



Entrevista

Xosé Carlos Montes Bugarín, Calis Alternativa por Mondariz (AporM)

"En Mondariz houbo unha moción de censura encuberta"

Páxina 9

An advertisement for pikolin mattresses. It features a family of four (mother, father, and two children) sitting on a sofa in a living room. The background is a dark blue space with a crescent moon and stars. Large 3D text reads "HASTA 50% DE DESCUENTO". The pikolin logo is in the top right, with a badge saying "Los Nº1 en venta de electrodomésticos en nuestro país". Below it, "BOINSCON CENTER" and "euronics" are listed. Contact information for Concha Brey, 4 PONTEAREAS, is provided: Teléfono: 986 640 115 and 609 85 14 52. A WhatsApp icon is also present.

Disfruta la vuelta a casa
Una selección pensada para ti

HASTA 50% DE DESCUENTO

pikolin Los Nº1 en venta de electrodomésticos en nuestro país

BOINSCON CENTER

euronics

Concha Brey, 4 PONTEAREAS
Teléfono: 986 640 115
609 85 14 52

EDITORIAL

Guillermo Rodríguez. Director



Hoxe vai de medios

Xa me gustaría non ter que escribir sobre os medios de comunicación a non ser que fora para felicitalos pola súa independencia informativa, polo seu rigor á hora de tratar os temas candentes desta nosa sociedade tan infectada de bulos e mentiras a través de todo tipo de medios. Pero creo que aínda vai tardar un tempo en que as miñas preferencias sexan realidade.

Son tantos os frontes abertos que non sei ben por onde comezar. Se polos acordos políticos destes días, se polos bulos referidos aos emigrantes, se polo escurantismo dos medios públicos galegos, etc. etc. Pero como di o titular hoxe vai de medios, logo entremos a matar, que diría un toureiro daqueles tempos idos.

Días pasados chegounos a información dun acordo do Consello de Ministros español (en Galicia aínda non temos ministros pero a todo se chegará) que por fin fala de analizar e corrixir os despropósitos dos medios de comunicación que temos no Estado Español. Isto non é nada novo. A comisión europea correspondente marcou unha pautas que entrarán en vigor o vindeiro ano 2025.

O acordo fala dunha maior transparencia e control na política e nos medios de comunicación, así como unha defensa da liberdade de expresión modificando o que faga falta, así como o relativo as ofensas aos sentimentos relixiosos e de inxurias á Coroa, aínda sen citar este termo (parece que aos socialistas lle tremen as pernas cando se trata de falar dos privilexios da Coroa); tamén aos altos cargos institucionais do Estado.

O texto acordado fai mención a sen-



tencia do Tribunal Europeo de dereitos humanos que afearon a España por perseguir artistas por atacar á Coroa.

Unha cuestión que nós vimos denunciando nos últimos anos refírese aos propietarios dos medios. Lembren que sempre utilizo unha expresión latina: "pro domo sua", é dicir para os seus donos. Aquí neste acordo de goberno trátase de coñecer exactamente quen son os donos dos medios.

Eu teño prometido ofrecerlles a vostedes amables lectores unha información, ata onde eu puiden conseguila, de quen manda nos medios deste país. Xa se coñecen a súa maior parte; quizá o que non se saiba ben, polo seu escurantismo e opacidade é quen está detrás de tantos portais que utilizando os medios dixitais nos teñen

mergullados nun mundo de informes falsos dos que resulta moi difícil escapar.

Outro asunto consecuencia do anterior é como son favorecidos certos medios e por quen. Aquí poderemos explicarnos o por que de certo tipo de información que se sabe falsa pero que aparece ao noso dispor con grandes titulares como se fora certo. Tamén sobre isto trata o acordo citado. Cada medio

terá que demostrar a veracidade desa información cando, sobre todo, atenta contra a honorabilidade dos cidadáns sexan políticos ou non.

Sabemos que existen emisoras de radio, portais de internet e medios de comunicación que se sustentan non se sabe ben como. Iso é o que queremos e debemos coñecer.

O feito mais sorprendente do que fomos testemuñas estes días é da furia con que a oposición política (lease PP, VOX sobre todo) responderon a este comunicado gobernativo no Parlamento días pasados. Non deixaron nada no tinteiro. Segundo Feijóo e Abascal (tanto monta, monta tanto) o Goberno pretende amordazar e controlar aos medios de comunicación para que non falen mal del. Ata chegaron

a comparalo con Franco; curiosamente opcións políticas que aínda non foron quen de manifestar a súa repulsa política ao goberno franquista. Si pero non; sempre o fan coa boca pequena. Agora, polo visto o presidente Pedro Sánchez vai amordazar aos medios para que non falen mal del o mesmo que facía Franco. Evidentemente isto ninguén o cre porque os tempos son outros e os organismos de control dependen do voto de cada cidadán en cada elección. Pero non se trata de que o creamos, trátase de ir contra calquera opción de goberno que non estea controlada pola oposición.

A futura lei que saia deste decreto recente obrigará a toda as administracións públicas a facer unha declaración de canto diñeiro dedicaron aos medios de información, cales foron eses medios e os motivos deses desembolso e canto diñeiro recibiron en función de que. Isto terá unha importancia fundamental en Galicia. Chegaremos a coñecer como se reparten os cartos da Xunta nos distintos medios. Xa o sabemos pero agora será unha información pública que non se poderá agochar.

A partires deste Decreto lei iremos coñecendo como evolucionarán todas estas cuestións ata agora asolagadas polos poderes públicos afectados: Gobernos Autonómicos, Concellos, institución do Estado, etc.

Parece que por fin se abre unha fiestra que nos vai traer un chisco de aire mais limpo. Falta fai, dende logo.

Como sempre os meus desexos de que o pasen ven; teñan fe no futuro e loiten porque non nos poidan meter gato por lebre.


Saturnino Montero
IMPRESA
 TIPOGRAFIA - OFFSET
 IMPRESION DIGITAL
 C/. Virgen de los Remedios, N.º 12
 36860 PONTEAREAS (Pontevedra)
 imprentamontero@gmail.com
 TARJETAS DE VISITA
 Y CARTELERIA
 A TODO COLOR
 TALONARIOS • RIFAS
 CARTAS • SOBRES
 CARPETAS • PUBLICIDAD
 ROTULACION EN VINILO
 SELLOS DE CAUCHO
 FOTOCOPIAS B/N Y COLOR
 DISEÑO GRAFICO

 Teléfono: 986 640 097
 Móvil: 610 024 525

Gestor Ambiental y Técnico en Obras
Manuel González Abril
 ■ OFICINA TÉCNICA DE PROYECTOS
 ■ TRAMITACIÓN Y PARTICIÓN DE HERENCIAS
 ■ PERITACIONES Y TASACIONES INMOBILIARIAS
 ■ ALTAS Y CORRECCIONES ANTE CATASTRO
 Telefono 630 485 211 obrasmga@hotmail.com


mifollas
 LIBRERÍA - PRENSA - PAPELERÍA
 986 66 79 13 - Carballos, 10 - Pontareas
 mifollas@mundo-r.com


FORO A PENEIRA
Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
 T. 658 58 50 49
 guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
 Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
 (36860 PONTEAREAS - GALIZA)
 T. 658 58 50 49 - x.foroapeneira@gmail.com
Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Dpto. propio e axencias
 x.foroapeneira@gmail.com
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Roberto Mansilla Blanco, Montserrat Rodríguez, Anxo S. Porto Ucha, Raquel Vázquez, Carlos Méixome, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Baldozero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela.

Depósito legal: VG 226-2018

PONTEAREAS

Aberta a licitación para a nova escola infantil

O Concello abriu ata o 4 de setembro o prazo de licitación das obras para a contratación da construción da nova escola infantil. A nova escola infantil, que se agarda esta lista para o curso escolar 2025-2026, estará no parque Ferro Ucha e ofertará cen prazas de educación infantil de 0 a 3 anos de idade nun edificio que atenderá as necesidades actuais de accesibilidade, espazo e funcionalidade. O importe da licitación é de 1.059.766,40 euros.

Por outra banda, o Concello busca tamén rescatar o Túnel de



Confurco, un símbolo da historia de Ponteareas de principios do século XX, colaborando coa asociación veciñal Unidade Parroquial de Xinzo.

Festas de Setembro

O goberno presentou a programación das Festas de Setembro con diversas actividades nas que destacan a XVI Festa Tradicional dos Remedios, o XXXVII Festival Folclórico do Condado e a VIII Festa exaltación do pemento de Guláns. A lectura do pregón na Casa do Concello estará a cargo do comunicador e humorista Roberto Vilar.

Tamén están os concertos da Banda de Música Reveriano Soutullo, de Black Lovers, Alteanos, Borja Quiza, Fernando Briones, Roi na Freixa e da orquestra Florida Band, o XV Torneo de Tenis Concello de Ponteareas, o desfile de xigantes e cabezudos acompañados do grupo Senfol para render homenaxe á menina



ponteareá e ao ciclista Delio Rodríguez, postos enogastronómicos, xogos populares, misa solemne con procesión acompañada da Banda de Música Unión de Guláns, verbena coa orquestra Pontevedra, visitas guiadas para divulgar o patrimonio local, xor-

nada de baloncesto 3x3, o LVI Concurso de Gaitas do País, a Feira Vella a Banda de Gaitas de Paramos, "Ponteareas en danza". O remate das festas será o domingo 29 co lanzamento dos globos tradicionais e artesanías de San Miguel.

O Corpus, candidato a "Mellor Patrimonio Cultural"

A celebración do Corpus Christi do Concello de Ponteareas é candidata na categoría a 'Mellor Patrimonio Cultural' nos I Premios de los Lectores +HISTORIA da revista Historia National Geographic, organizados co apoio do Ayuntamiento de Córdoba.

Nesta categoría premiarase a aquela manifestación ou tradición, relixiosa ou pagá, aberta a un público maioritario e sen nesgo de idade ou condición, e que polo tanto entre na categoría do que se considera, por definición, 'popular'. Apreciarase o arraigamento desta festa ou tra-



dición, os valores que transmite e o seguimento que ten.

O Concello convida a votar á candidatura do Corpus a través da páxina web de National Geographic ata o xoves 10 de outubro (ambos días incluídos). Os gañadores daranse a coñecer no número de decembro da revista Historia National Geographic.

104 propostas para a nova Biblioteca Municipal



O Xurado do Concurso de Ideas para a rehabilitación do edificio do Mercado de Abastos en Biblioteca Pública Municipal procedeu á apertura de sobres das 104 propostas presentadas. O Xurado está composto por María Gracia Amandi Joglar (arquitecta designada polo Colexio de Arquitectos); Alfredo Sirvent Silveira (arquitecto designado polo COAG), Inmaculada Serrano Plaza (técnico de Bibliotecas da Xunta proposta pola Consellería

de Cultura, Lingua e Xuventude), Silvia Fernández Táboas, (arquitecta e Concelleira de Urbanismo) e presidido pola Alcaldesa Nava Castro.

As cinco propostas finalistas serán decididas o 24 de setembro para pasar á segunda fase. Un elemento básico do proxecto é o seu carácter participativo, creativo e innovador, atendendo criterios de integración urbana, accesibilidade e sustentabilidade no deseño e construción da nova biblioteca.

Máis información na nosa web
www.novasdoeixoatlantico.com

**Autoescuela
PONTEAREAS**
C/ Virgen de los Remedios nº 16
Tfños: 986 660 896 - 604 047 703

**PANADERIA
A BROA
CAFETERIA**
Puzo - San Mateo - Ponteareas
Teléf. 986 657 577 - Móvil, 639 817 090
Despachos:
Ponteareas - C/. Estrada, N.º 15 - Teléf. 986 660 951
Salvaterra de Miño
C/. Rosalia de Castro, s/n. - Teléf. 986 075 874

**Nattex
Pontareas**
NATTEX PONTEAREAS
Rúa Alcalde Daniel Ojea, 8 baixo. 36860 Ponteareas
T. 986 175 033. M. 618 613 013
nattexponteareas@gmail.com
www.nattex.com


CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

Portal tributario de asistencia directa

Enmarcada na estratexia "Ponteareas Simplifica", a concellería de Facenda do Concello de Ponteareas informou da próxima entrada en funcionamento do novo Portal Tributario Municipal (OVT), un novo servizo municipal a través do que se poderá acceder a toda a información e normativa recadatoria municipal actualizada.

O portal dispón dunha ferramenta destacada coa que o contribuínte terá a oportunidade de asumir o control dos seus tributos ao permitir calcular, declarar e ingresar no mesmo momento a cantidade que debe pagar, dispoñible 24 horas e 365 días ao



ano, tendo a cidadanía total autonomía e facilidades no cumprimento das obrigas fiscais. Desde a OVT, ademais, poderase facer o

pago utilizando calquera canle de ingreso habitual e que incorpora a opción BIZUM.

Obradoiro de Emprego dual "Val do Tea"

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia vén de conceder ao Concello de Ponteareas o obradoiro de emprego dual "Val do Tea" que permitirá mellorar a formación de 20 persoas e facilitará a súa inserción laboral.

O obradoiro ofrecerá dúas modalidades que atenden á demanda do mercado laboral, albanería e xardinaría/construción. Nove meses de formación con contrato de traballo e coa posibilidade de inserción posterior en empresas da contorna.

Lucía Aldao impartirá Masterclass en ArtisTea

A artista coruñesa e gañadora do premio Martín Códax, Lucía Aldao será a responsable de ofrecer a masterclass da primeira Residencia ArtisTea, así o informou a alcaldesa, Nava Castro. Contará cunha sesión na que a poesía escénica e música conversará sobre os seus proxectos e falará sobre a súa propia traxectoria. Ademais, a parte final da masterclass será aberta á comunidade, para que a veciñanza de

Ponteareas que así o desexe poida beneficiarse.

Aldao é un dos principais nomes da cultura galega actual. Combina a poesía escénica, música, humor, e guiño; que converxen en Aldaolado, o dúo poético que mantén desde 2005 coa tamén escritora María Lado. Igualmente, o Concello comunicou a ampliación ata o 20 de setembro do prazo de presentación de candidaturas e proxectos para ArtisTea.

Goberno e BNG chocan polo contrato do Servizo de Atención no Fogar

Segundo informou o Concello, o pleno municipal celebrado o 2 de setembro aprobou, cos votos do PP e ACiP, "o maior orzamento para o Servizo de Atención no Fogar (SAF) do Concello" con 6.544.800€.

Dende o Concello aseguran que o novo contrato do SAF, de tres anos de duración, permitirá incrementar nun 50% as novas persoas usuarias, dando así cobertura como mínimo a todas as persoas con dependencia recoñecida de grao III e cubrindo a maioría das persoas recoñecidas con grao II. Aumenta tamén nun 63% as horas de atención. En canto a persoal contratado pasará de 17 traballadoras a 50 a xornada completa e pasando dunha traballadora social a dúas.



BNG: "o contrato atenta contra os dereitos das traballadoras"

A reacción do principal partido da oposición, o BNG, non se fixo esperar. A través da concelleira Cristina Fernández denunciou que o prego de condicións da nova licitación do contrato SAF supón un prezo inferior ao de mercado.

Os nacionalistas tamén criticaron que "non se garanten os dereitos laborais das traballadoras" e denunciou "a actitude do concelleiro de Facenda, Francisco Jesús, manipulando datos e burlándose coas súas mentiras das traballadoras presentes na sala".

www.novasdоеixoatlantico.com

Cruz Vermella trae "Enredando Tour 2024"

Tras percorrer as provincias da Coruña, Lugo e Ourense, este 20 de setembro a Cruz Vermella leva á Praza Maior a iniciativa "Enredando Tour 2024" con cabo diferentes obradoiros dirixidos a persoas maiores de 55 anos co obxectivo de reducir a fenda dixital e proporcionar ferramentas para o uso das tecnoloxías.

Os obradoiros serán impartidos por persoal especializado e voluntariado de Cruz Vermella e

neles ofreceranse contidos formativos que faciliten o achegamento á realidade da tecnoloxía máis doméstica e presente en multitude de áreas da nosa vida cotiá. Ademais, nesta edición incorporáronse novos contidos para que os maiores tamén se familiaricen con aplicacións que empregan intelixencia artificial e con conceptos como a realidade inmersiva, coa proba de lentes de realidade virtual.

ATLANTICOLOR
FERRETERÍA
Telf: 986 669 955
C/ Sauce, 7 - PONTEAREAS

PERMITIDO ACCESO DE VEHÍCULOS
ZONA CARGA E DESCARGA max. 15 Minutos

COVELO
Servicio integral a la construcción
DERIVADOS DEL CEMENTO
986 644 036
www.covelo.cc
grupoluco@covelo.cc

MARPI
Pisos Casas Solares
Vendas Compras Alquileres

R/ Amado Garra, 11
PONTEAREAS
Tel: 986 66 18 18
Fax: 986 64 47 29
e-mail: marpi@marpi.es - www.marpi.es

PONTEAREAS

Roberto Mera: "O TSXG avala o PXOM do bipartito BNG-PSOE"

O extenente de alcalde Roberto Mera realizou revelacións "a título persoal" sobre o Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) ante o que considerou como a "ocultación absoluta por parte do goberno local e do silencio inexplicábel doutros actores políticos".

Indicou Mera que "as sentenzas do TSXG avalan de principio a fin a legalidade e corrección do PXOM aprobado en 2021 polo goberno bipartito BNG-PSOE", rexeitando "os recursos en contra presentados ante o TSXG por Juan Carlos González Carrera, líder de ACIP e actual tenente de alcalde, así como por seis promotores inmobiliarios, políticos e particulares.

Todos os recorrentes foron condenados a pagar as custas ao Concello e á Xunta por un importe total de case 20.000€ para cada administración.

Por outra banda, Mera explicou que as sentenzas do TSXG "deixaron claro que, como dicía o goberno de Xosé Represas, a redución de superficie edificábel no



rural era unha orde da Xunta e un mandato da Lei do Solo e, en ningún caso, unha decisión do noso goberno municipal". Informou que a sentenza recolle que no "solo de núcleo rural" entre a aprobación inicial e a final do PXOM houbo "un cambio cuantitativo do 41% da superficie clasificada como solo de núcleo rural" e que "os cambios viron impostos pola fiscalización efectuada pola Administración autonómica, de carácter regrado e non discrecional", polo que non vulneraron ningún dereito da cidadanía.

Finalmente, Mera revelou que o TSXG desestimou o recurso presentado por unha promotora propietaria de terreos incluídos na Área de Reparto nº 20 do PXOM, na que se ubican solares situados entre a Avenida Sarmiento Rivera, fronte ao cuartel da Garda Civil, a rúa Redondela, a rúa Curuxeira e a rúa Alexandre Bóveda. Co seu recurso, a promotora pretendía, entre outras cousas, que se eliminase a obriga de ceder gratuitamente ao Concello esa superficie, ao considerar que xa fora cedida hai anos cos terreos do actual Parque das Pombas.

PSOE: "PP e ACIP degradan o saneamento integral do Concello"

No pleno do 2 de setembro a voceira socialista Vanesa Fernández reprochou ao goberno municipal que "do 1.200.000€ que percibiu do goberno central só vai gastar 920.000€, dos cales para o saneamento solo se contempla unha partida para novas bombas". Todo isto, indican, a pesares das promesas da Alcaldesa Nava Castro de realizar un "saneamento integral en todo o Concello".

O PSOE solicitou a retirada do punto da orde do día para que o goberno elaborase unha nova proposta. Denunciaron que o PP "fixo oídos xordos e sacou adiante a proposta que lle vai permitir maquillar as contas municipais". Denunciou que "a proposta do Goberno do PP e ACIP



é repartirse o 1M€ para atender facturas, gastar 120.000€ en novo mobiliario para a Residencia de Artistas, mercar vestuario ou arranxar maquinaria".

PSOE denuncia escándalo na comida do Corpus

Durante o pleno municipal celebrado o pasado 2 de setembro, a voceira socialista Vanesa Fernández interpelou á Alcaldesa Nava Castro acerca da comida que se ofreceu por parte do Concello unha vez rematada a procesión do Corpus Christi. Segundo expón un comunicado deste partido, esta comida levouse a cabo nunha finca particular e dende o Concello se lle notificou por escrito ao PSOE que non existía contrato ningún para levar a cabo dita comida. Fernández indagou á Alcaldesa

sobre o pago e custe da comida e o procedemento legal de por qué se fixo nunha finca particular.

O PP respondeu que este evento foi gratuito, pagado por un particular; sen explicar por exemplo porque non se invitou a esa comida aos alfombristas ou as persoas que colaboraron na elaboración das alfombras, sen embargo si acudiu á comida un deputado provincial que nin participou na misa nin na procesión. O PSOE apunta a un posible delito na aceptación de dádivas a cambio de nada.

Seguridade para a PO-403 en Moreira

O BNG logrou o voto favorable de toda a Corporación de Ponteareas para instar á Xunta a dotar de seguridade viaria a estrada PO-403, un treito de 700 metros que une Ponteareas con Salvaterra, en concreto ao tramo que atravesa a parroquia de Moreira, que concentra nun treito de 300 metros até oito enlaces de entrada ou saída coa autovía A-52 e que está sen resolver desde agosto de 2023. O BNG propón un estudo que incorpore as



melloras precisas na vía, como a sinalización, tras un proceso participativo coa veciñanza da zona.

SEVERO
VINOS
COMIDAS
desde 1956
Morales Hidalgo Nº 3 PONTEAREAS
986 64 01 43 - 645 862 380

ELECTRICIDAD

BOUZA
ALFONSO Y DANIEL, S.L.

ILUMINACIÓN
Instalaciones en general
Reparaciones
Instalación de sonido
y telefonía interior

bouza@electricidadbouza.com

Rosalía de Castro, 7
Telf. y fax: 986 641 565
PONTEAREAS


TEASEGUROS

Corredora Rosa Domínguez
Rúa Reveriano Soutullo 5, Ponteareas
986 641 623 - 696 379 393

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

Faladoiro sobre a figura da raíña Urraca

O Castelo de Sobroso acolleu un novo faladoiro do programa da Deputación de Pontevedra "Aquí faltan páxinas", coa raíña Urraca Primeira de León como protagonista, unha muller "esquecida pola historia e recuperada a posteriori", como explicou a deputada de Igualdade, Sandra Bastos, durante a inauguración. O faladoiro correu a cargo da xornalista e escritora Isabel San Sebastián, que publicou este ano 'La temeraria', un libro centrado na súa figura) e a historiadora experta en historia medieval feminina Carla Trincado. Fillas e sucesoras de Afonso VI e Consolanza de Borgoña, Dona Urraca



ascendeu en 1109 ao trono do reino de León, que abarcaba tamén Galicia. Durante o seu mandato demostrou ser unha muller

moi adiantada á súa época, que cambiou as regras que marcaban como debían comportarse as mulleres.


Eficiencia enerxética na Freixa




A directora xeral de Patrimonio Natural, Marisol Díaz, confirmou que a Xunta levará a cabo varias obras para acondicionar o refuxio de pescadores da Freixa co obxectivo de mellorar a súa eficiencia enerxética. Durante a visita que realizou a este refuxio de pescadores, na que estivo acompañada pola alcaldesa Nava Castro, a directora xeral subliñou que a

intención da Xunta é acometer melloras como a renovación do mobiliario, a substitución do tellado e a reforma do sistema de climatización para acadar unha maior eficiencia enerxética. O Concello tamén ten previsto mellorar a senda fluvial do Tea para equilibrar a demanda de mobilidade da poboación, a conservación do medio ambiente e a loita contra o cambio climático.

ANTOMS



O apagón de xullo



O emperador



Mpx

BNG preme pola eficiencia enerxética

Os nacionalistas pontearens amosaron a súa satisfacción porque se leven a cabo actuacións de eficiencia enerxética no refuxio de pescadores da Freixa e en centros educativos, tal e como anunciou a Xunta de Galicia. Instaron igualmente á Xunta a que asuma as súas competencias en canto ás obras integrais e de efi-

ciencia enerxética que precisan os CEIP e as escolas do Colexio Rural Agrupado. Lembraron que "o goberno do BNG no anterior mandato redactara un proxecto de mellora da eficiencia enerxética de cinco escolas rurais e acadara o 75% de financiamento do IDAE. A Xunta negouse a asumir o 25% restante e preferiu perder esa subvención".

La Giralda
ESTÉTICA & PELUQUERÍA

Pasión por la Belleza

Síguenos

C/ Castañal, 14 bajo- 36860 Ponteareas
986 660 477 / 660 860 645
peluquerialagiralda@hotmail.com

TAPERÍA - CERVEXARÍA

A Fragha

Telf: 622 024 787 - PONTEAREAS

CENTRAL AGRICOLA
PONTEAREAS, S.L.

Agro - Jardín - Ferretería

✉ comercialareas@hotmail.com
☎ 986 66 11 91 - 629 52 24 18
🏠 Areas Picoto 36861 - Ponteareas

LOVECARS[®]

www.lovecars.es

A CASA da TRIGA
RESTAURANTE

Abrimos todos os días de 12 a 23:59h

Praza Maior, 19 baixo
PONTEAREAS

Non pechamos cocina

PONTECAMPER
Alquiler de CAMPERS y AUTOCARAVANAS

☎ 667 40 19 07
www.pontecamper.com

Bulo xenófobo en redes sociais sobre os acollidos en Mondariz Balneario

Un video que amosaba nas instalacións dun colexio a migrantes malienses chegados a Mondariz Balneario no marco do programa estatal de acollida de refuxiados, acompañado de comentarios que afirmaban que os pais estaban atemorizados e que a Dirección do colexio aconsellaba que as nenas levaran faldas, xa que terían que convivir con eles, fíxose viral.

Este bulo foi desmentido rotundamente tanto pola Dirección do colexio como polos pais e polo Alcalde de Mondariz Balneario, César Gil.

O alcalde desmentiu que os migrantes estén no colexio público nin no colexio privado Marcote, "ese video é real pero non actual". Segundo as aclaracións de Gil, unha nai do colexio Marcote colouse e grabou ese video a finais



Migrantes bailando na Festa da Temporada en Mondariz Balneario.

de Agosto cando este grupo residía nas instalacións educativas que nos meses de Xullo e Agosto se utilizan para albergar campamentos deportivos e lúdicos. No momento da preparación do inicio de curso, o 31 de agosto foron reubicados no hotel Cemar.

O complexo Cemar serve de punto de acollida de refuxiados desde 2022, coa guerra de Ucraína, e aloxou a máis de 125 familias dese país. Agora chegaron arredor de 200 migrantes. O hotel no que se aloxan non ten acceso as instalacións da escola. O centro publicou un post onde informaba de que as clases daban comezo o 11 de setembro, máis dunha semana despois de que os migrantes abandonasen este centro. Os pais do centro lamentan que «a incerteza dunha nai fora utilizada para lanzar falsas acusacións contra o colexio».

A previsión é que estean no municipio ata decembro, que é o período establecido. Son tutelados e atendidos pola ONG ACCEM e os gastos cubertos polo estado na espera de ser declarados refuxiados da guerra que sofre Mali.

O BNG denuncia ante Fiscalía as irregularidades do contrato do valado de rúas en Corpus

O BNG vén de anunciar a adopción de medidas legais contra o goberno de Ponteareas ante o escándalo da contratación dos valados para pechar as rúas en Corpus, "que desembocou nunha trama de irregularidades e tramitacións indebidas, como a contratación a dedo dunha empresa para realizar o traballo adxudicado legalmente a outra".

Facendo públicos os documentos, o BNG explicou que "o contrato establecía a obriga de subministrar 1.400 tapóns para os buratos, pero o Concello mercou a outra empresa 2.600 tapóns máis o 23 de maio, cando o valado foi instalado o día 1 de xuño e retirado o día seguinte". Vázquez aclara tamén que "malia que o goberno xustifica a factura a dedo por 14.500 euros para comprar tapóns, a realidade é que esa empresa, constituída uns días antes, non só subministrou os tapóns senón que se encargou de toda a montaxe do valado e da colocación dos propios tapóns, traballo que estaba contratado, tapóns in-



cluídos, a outra empresa".

"O BNG manipula"

O goberno de Ponteareas aclarou que tras recibir 162.732 euros da Deputación para a posta en valor do Corpus Christi, outorgou á única empresa que se presenta a contratación do vallado de Corpus por 80.000 euros. Ante a colocación dos valados, e tras recibir queixas das persoas que calzan tacóns, o Concello viuse na obriga de mercar 2.600 tapóns. O goberno considera que o BNG manipula, "extrae os parágrafos que lle interesan para equivocar á opinión pública" e que non teñen en conta as conclusións dos informes dos técnicos municipais que informaron favorablemente, conforme á súa legalidade, "e así consta no informe emitido pola interventora municipal o 30 de maio".

La Vuelta 24 enche de brillo a Ponteareas

Tras doce anos de ausencia, La Vuelta a España volveu a Ponteareas. Este 27 de agosto a Vila do Corpus recibiu aos mellores ciclistas do mundo na 10ª etapa de 160 quilómetros que rematou en Baiona, sendo a única etapa que se levou a cabo este ano en Galicia.

Coa Alcaldesa Nava Castro como anfitriona, a saída foi inaugurada polo presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, estando presentes o presidente da Deputación, Luís López, a totalidade dos membros da Corporación ademais de Alcaldes e Alcaldesas do Condado-Paradanta e Louriña. Unha masiva presenza de veciños e de visitantes demostraron o enorme



interese por esta etapa.

Con esta edición, Ponteareas confirmou a súa aposta por confluír deporte e atractivos turísticos a través desta competición, sendo a cuarta vez en recibir La Vuelta

tras as edicións de 1987, 2011 e 2012. Unha competición na que Ponteareas tamén ten estado historicamente representada en ciclistas como Delio Rodríguez, Emilio Rodríguez e Álvaro Pino.

BNG pide destinar 1M€ para axudas e investimentos

O concelleiro do BNG, Xosé Carlos Vázquez deu a coñecer que o Concello recibiu nas pasadas semanas 1.182.620€ extraordinario procedente da liquidación na participación dos tributos do Estado do 2022, ano no que os

nacionalistas lideraban o goberno local. Pediron así que eses ingresos "se utilicen en beneficio da veciñanza para satisfacer as súas necesidades, non para remendar as chapuzas do goberno irresponsábel da de-reita".



CONDADO/PARADANTA

Encontro de Corais homenaxe a D. Ángel Viro Caamaño

O pasado día 15 deste mes que andamos as catro corais existentes no Municipio de Ponteareas (Coral Santa María de Areas, Coral Cantares de Xinzo, Coral Ars Cantorum de Guillade e Coral do Centro Artístico Sportivo) ofreceron un sentido homenaxe ao Director e fundador da Coral do Centro Artístico Sportivo de Ponteareas, D. Angel Viro Caamaño no Auditorio Reveriano

Soutullo da Vila do Tea.

D. Angel, como é coñecido habitualmente, é un recoñecido Director e compositor ao que acoden constantemente outros directores de corais utilizando as composicións por el creadas; tanto as orixinais como aquelas que poden ser adaptacións doutros creadores as que lle imprime o seu selo propio de profesional da música e do canto coral.

Como mostra hai está a próxima actuación da Coral Casablanca de Vigo que o vindeiro día 27 vai ofrecer o seu repertorio no Auditorio de Ponteareas ao director Angel Viro.

Segundo as nosas informacións trataríase dun homenaxe particular do director da Coral Casablanca Oscar Villar Díaz pola amizade que o xungue a D. Angel Viro.



Angel Viro ao piano.



Coral Ars Cantorum de Guillade.



Angel Viro e a súa dona.



Coral do C.A. Sportivo.



Coral Santa María de Areas.



Coral Cantares de Xinzo.

ERDP
El Rincón del Perfumista
Tu Especialista en Cosmética Ecológica
Perfumes de Autor

886 311 003 | 633 535 053 | www.erdp.es | info@erdp.es
Paseo Matutino, 13. 36860 Ponteareas. Pontevedra

mariquita mimosa

Ropa infantil
Bordados
Confección a medida
Servicio de tintorería

CICLISTA EMILIO RODRÍGUEZ, 6
PONTEAREAS
mariquitamimosa@hotmail.com
986 182 659 - 656 860 074

Tunel
apas
Desde 1947

986 64 17 57 - Praza Maior 31, PONTEAREAS

Otero
Peluqueros

Santa Ana, n.º 27
Ponteareas
Caballeros: 986 661 020
Señoras: 986 660 444

TRIFOLIUM
INGENIEROS

Luis Gelpi Álvarez
INGENIERO AGRÓNOMO
Colg. G834

Alcalde Daniel Ojea, 10 bj
PONTEAREAS
653 047 430 / 886 216 505 | lgtrifolium@gmail.com

CONFITERÍA
La Marquesina
CAFE

Reveriano Soutullo, 1 - Tlf. :986 640 243
Ponteareas

Xosé Carlos Montes Bugarín, Calis | Alternativa por Mondariz (AporM)

“En Mondariz houbo unha moción de censura encuberta”

Por Roberto Mansilla Blanco

O goberno de Mondariz, liderado por cinco edís de AporM, presentou este 11 de setembro a súa dimisión argumentando o “bloqueo absoluto” dos tres grupos municipais da oposición (PP, BNG e PSOE) Falamos con que fora ata agora o seu Alcalde, Xosé Carlos Montes Bugarín, Calis.

O seu goberno vén de presentar a dimisión argumentando o “bloqueo da oposición”. O detonante foi a non aprobación dos Orzamentos municipais?

Foi a gota que colmou o vaso. A situación económica é difícil, herdada de gobernos anteriores e fixemos todo o posible por regularizar as taxas e negociar cos partidos

da oposición (PP, PSOE e BNG) para chegar a un acordo. En ningunha reunión a oposición presentou algunha proposta e o día do pleno (2 de agosto) asinan unha emenda ao orzamento. Negáronse sempre en bloque a calquera negociación, non nos contestan e nos ningunean, Considero que iso foi unha moción de censura encuberta e incluso pretenderon que gobernara con orzamentos que non son os meus. Non é cuestión de cartos senón de querer traballar.

Cre que finalmente se aprobarán os Orzamentos?

Dou por feito que o proxecto de goberno é o mesmo para os tres partidos. Se non o fan o único que amosan é querer entorpecer. Preferimos dar un paso ao lado, sen



agochar a cabeza e mantendo as nosas conviccións. Se o problema é AporM apartámonos pero seguiremos apostando polo futuro e traballando polos nosos veciños e veciñas.

O PSOE responde: "sempre dixemos que íamos aprobar os Orzamentos"

Polá súa banda, a voceira do Grupo Municipal do PSOE Mondariz, Violeta Lois, respondeu ao recente comunicado de AporM aclarando que "os socialistas sempre dixemos que íamos aprobar os orzamentos. A realidade é que estamos en contra da segunda dedicación exclusiva e deixámolo claro nas reunións mantidas. Fixemos unhas enmendadas no pleno, que foron debatidas e aprobadas, pero o Alcalde retirou o or-



zamento e non se puido aprobar. Ante a retirada do orzamento 2024

os socialistas presentamos un requerimento que está pendente de contestar, xa que nós consideramos que os presupostos están aprobados".

No comunicado din que "o pasado 19 de Agosto pedimos un pleno extraordinario para pagar facturas cun importe de 215.000€ da liquidación que devolveu o Estado do ano 2022; o Alcalde non deixou tratar a moción, nin votala, tratouna como un rogo. Quedaron as facturas sen pagar e deixando crecer a deuda intencionalmente".

Tamén explicou que mentres non se conteste a este requeri-

mento "non podíamos valorar a proposta de modificación do salario do Alcalde presentada en 4 partes". Criticou tamén a forma en que renunciou o goberno municipal, "dimitindo nas súas funcións, pero non renunciando expresamente a que governe a lista máis votada".

A secretaria municipal aclara que o orzamento non está aprobado

O actual goberno en funcións comunica que a secretaria municipal vén de enviar a todos os grupos da oposición un informe aclarando que o orzamento de Mondariz non está aprobado.

O orzamento debe ser confi-

gurado por alcaldía e deberá ser informado por Intervención e remitido ao Pleno para a súa aprobación. O informe indica que a aprobación do orzamento ten que realizarse mediante un acordo único, unidade de acto que afecta obxectivamente a todo o proxecto, sen que permita observacións ou fórmulas de salvaguarda respecto dalgunha das súas previsións ou da documentación que o integra. O informe reitera que "en ningún caso a aprobación de enmendadas polo pleno podería implicar a aprobación inicial do orzamento xeral".

MiXturas
CASA DE COMIDAS
Vensteca y Brea
686 321 683 - Mondariz Balneario

COMERCIAL AGRICOLA ANTONIO S.L.U.
REPARTO A DOMICILIO POR ENCARGO
POLLOS POR ENCARGO
DROGUERIA
FERRETERIA
JARDINERIA
BEBIDAS
SULFATOS
INSECTICIDAS
BUTANO
VENTA DE PLANTAS
DISTRIBUIDOR OFICIAL Blona
CIMEROUCES Nº8 - MONDARIZ - T: 986 656 218 / 649 449 459

Carlos PELUQUERO
Plaza de España, 2 - Mondariz
Telf. 619 061 357

PUB - CAFETERIA - TERRAZA
the best beer
Yago's
english pub
Mondariz - Balneario

Café Chocolat
Mondariz Balneario

CONDADO/PARADANTA

As Neves explora mobilidade peonil para a EP-4204

A deputada de Infraestruturas Públicas, Mobilidade e Contratación da Deputación de Pontevedra, Isabel Couselo, reuniuse co alcalde das Neves, José Manuel Alfonso, para analizar a situación da estrada provincial EP-4204 As Neves-Estación e poñer en marcha un proxecto de mellora da mobilidade peonil e de humanización. Couselo aproveitou a ocasión para supervisar as estradas provinciais que atravesan



o termo municipal e coñecer, da man do alcalde, as necesidades e demandas do goberno local en canto a estas vías.

Balneario recibirá 100.000€ para a súa Casa Consistorial

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra aprobou unha axuda que ascende a preto de 100.000€ para financiar o acondicionamento da segunda planta da Casa Consistorial de Mondariz-Balneario den-

tro do Plan +Provincia. Esta actuación en Mondariz-Balneario, cuxos recursos por este plan ascende a preto de 140.000 euros, o 71% serán financiados pola Deputación e o 29% polo Concello. As obras buscan crear un es-

pazo interdisciplinar, compartido, que permitirá ademais acoller actividades culturais e formativas. Unha parte substancial destinarase a biblioteca, distribuída en control, sala de lectura, sala informática e ludoteca.

Curso de gandería da GDR Terra e Auga

Financiado co programa LEADER, a GDR Terra e Auga, que abrangue o territorio dos dez concellos do Condado Paradanta e Salceda, abriu a inscrición para o curso de "Iniciación e Me-

llora de gandería de vacún, ovino e caprino de carne que terá lugar os días 23, 25 e 30 de setembro e os días 2, 7 e 9 de outubro. O curso afondará na situación do sector, achegará coñecementos so-

bre alimentación, manexo reprodutivo e sistemas de produción, ademais de formar e informar sobre comercialización, prácticas básicas sanitarias, clima e cambio climático e solo e plantas.

A Cañiza saneará o seu casco urbano

O Concello da Cañiza celebrou este 13 de setembro o Pleno Extraordinario para, entre outros asuntos, aprobar inicialmente o expediente de expropiación para poder desenvolver os traballos de mellora do saneamento e da estación depuradora de augas resi-

duais do casco urbano e aglomeracións limítrofes.

Unha actuación cun investimento de 1.307.910,32€, subvencionados pola Confederación Hidrográfica Miño Sil que conta tamén co apoio do Ministerio para a Transición Ecolóxica y Reto Demográfico do Goberno de

España, e que permitirá actuar no núcleo urbano, tramo final ata a EDAR e construción dunha nova EDAR en Valeixe. O pleno tamén aprobou os festivos locais para 2025, establecendo como tales os días 9 de xuño (Romaría das Pascuillas) e o 15 de outubro (Santa Teresa)

I Festa da Temporada



Mondariz Balneario celebrou a súa I Festa da Temporada inspirada na década dos anos 1920, que tivo lugar os días 14 e 15 de se-

tembro. A vila balnearia transformouse nun auténtico viaxe ao pasado, evocando o glamour e a elegancia que definiron a época dourada da vila balnearia.

Xestión de biomasa en zonas edificadas

O Concello de Covelo vén de aprobar en pleno a ordenanza da xestión de biomasa e distancias das plantacións co obxecto de conseguir as axeitadas condicións de salubridade e seguridade para previr e evitar os incendios, protexendo

dos mesmos as infraestruturas e equipamentos sociais, as zonas edificadas e as áreas forestais e naturais de valor especial.

As infraccións recollidas como leves irán dos 100 aos 600€, as graves de 601 a 1.500€ e as moi graves de 1.501 a 3.000€.

Covelo mellorará a vivenda social

O Concello de Covelo vén de obter o apoio do Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) para a rehabilitación dunha vivenda de titularidade municipal destinada a alugueiro social. O Concello conseguiu 39.448, 52€, o 95%

do importe total das obras que implicarán traballos de fontanería, electricidade, iluminación, calefacción e accesibilidade ademais de intervir en solos, teitos, paredes e carpintería interior. Tamén se equipará o baño e a cociña.

Máis información na nosa web

www.novasdoeixoatlantico.com

Pauta MOTOR
servicio integral para automovilismo

C/. Ramón y Cajal, 8 Telf. 886 03 01 15
36870 MONDARIZ info@pautamotor.com

aceroplus
imprensa digital
IMPRESA · PUBLICIDAD · WEB

☎ 986 66 03 61
☎ 604 08 43 68

Paseo Matutino, 29 bj.
PONTEAREAS
www.aceroplusdigital.com
info@aceroplusdigital.com

Ferretería
Julio Pérez Giraldez

Tel/Fax: 986 651 052
Móvil: 606 361 558
juliopezgiraldez@hotmail.com

C/ Progreso, 81
36880 A CAÑIZA

O PORRIÑO - MOS

175.000€ para Comunidades de Augas

O Concello do Porriño abriu unha nova liña de axudas destinada ás comunidades de usuarios das traídas de augas, con achegas dun total de 175.000 euros, sendo 95.000 euros para mantemento de instalacións. Mantense o incremento impulsado polo Concello na anterior convocatoria, cando se duplicou a partida para dispor 80.000 euros a novo investimento.

Cabe destacar que cada comunidade poderá recibir un importe máximo de 8.000 euros en cada liña de axudas, 12.000 euros se se solicita apoio en ambas as li-



ñas. En ningún caso, o importe total subvencionado poderá superar o 80% do custo total do proxecto presentado.

AFAGA, 30 anos de prevención do Alzheimer

Con motivo do Día Mundial do Alzhéimer, que se conmemora este 21 de setembro, a Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer e outras demencias de Galicia (AFAGA), en colaboración coa concellería de Política Social do Porriño, achegou a asociación á veciñanza cunha mesa informativa sobre todos os recursos que hai no Porriño. AFAGA é unha asociación que naceu hai 30 anos e traballa con persoas con demencia neurodexenerativa e coas súas familias no sur da provincia de Pontevedra.

Desde 2020 AFAGA atendeu a máis de 14.000 persoas: máis de



3.000 nos seus obradoiros de prevención, máis de 1.200 nos obradoiros ocupacionais e servicios de axuda no fogar, preto de 500 persoas nos Centros de Día, e

case 9.500 familias de enfermos de Alzhéimer ou demencia. No que va de ano, xa se teñen atendido un 14% máis de persoas e familiares que en todo o 2023.

Obradoiro de emprego "O Porriño Humaniza"

A Xunta aprobou o obradoiro dual de emprego impulsado polo Concello do Porriño "O Porriño humaniza", no que 20 alumnos/traballadores poderán formarse mentres traballan nas especialidades de albanería de urbanización e albanería de tra-

ballos de pintura. A administración autonómica vén de conceder a achega de 411.928 euros para este programa de emprego mentres o Concello aportará 45.000, para sumar un total de 456.928 euros destinados a este plan. O obradoiro terá lugar entre o 2 de

decembro de 2024 e o 1 de setembro do 2025.

As beirarrúas da Avenida Principal do polígono empresarial A Granxa renovaranse grazas a este plan de emprego. Trátase de dous tramos cun total de 959 metros de lonxitude e 2.372 m2.

Máis de 112.000€ para saneamento en Cela

A alcaldesa de Mos, Nidia Arévalo, e o seu tenente de alcaldesa e concelleiro de Obra Pública, Camilo Grandal, visitaron os traballos de acometida da rede de saneamento no Camiño do Carballo, parroquia de Cela, núcleo rural de Pardellas. As obras, que darán servizo a un total de 13 vivendas e 52 habitantes, prevese que estén rematadas no presente ano 2024.

Esta nova instalación de saneamento en Cela realízase grazas á concesión á administración



local mosense dunha subvención ao abeiro do Plan + Provincia 2024 da Deputación de Pontevedra, na liña 1 – investimentos do mesmo, por importe de 112.736,51 euros.

Despedida de 110 nenos saharauís



O Concello de Mos despediu ata o ano que vén aos 110 nenos e nenas saharauís que pasaron as súas Vacacións en Paz na provincia de Pontevedra, dos que familias mosenses acolleron a un total de

once pequenos. Organizado pola Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí, Galicia recibiu este ano a 300 pequenos saharauís, sendo a segunda Comunidade Autónoma que máis nenos acolle, despois de Andalucía.

175.000€ en axudas para as traídas de augas de Mos

As Comunidades de Usuarios de Augas de Mos recibirán preto de 175.000 euros en axudas que veñen de ser concedidas pola Dirección Xeral da Ad-

ministración Pública (Vicepresidencia) da Xunta de Galicia e polo Programa +AQUA da Deputación para melloras das súas instalacións ou equipamentos.

Fiosan

Construción en xeral - Reformas - Cantería - Panel sandwich

Vera, 24. San Mateo - 36862 PONTEAREAS. Telf: 664 193 533 - 608 175 675

fiosanconstruccion@gmail.com

GALICIA NA SEÑORA
SAÚDE, SEGURIDADE E BENESTAR

Con moito entusiasmo e agarimo pensando en ti

Rúa Progreso, 34 - VIGO

Rúa de Oriente, 11 - PONTEAREAS
Teléf. 886 155 506

LOURIÑA

O PORRIÑO

Novo Auditorio Municipal

O Concello do Porriño vén de licitar a construción das instalacións para a creación dun novo Auditorio Municipal cun orzamento de preto de 2,8 M de euros. O edificio contará un espazo auditorio multiusos de calidade, cunha acústica adecuada para o uso e un patio de 340 butacas, das cales 184 serán grada retráctil e 156 fixas, facéndoo máis versátil e dinámico xa que se adaptará a múltiples usos escénicos.

O salón de actos terá dous accesos, un desde a entrada do Centro Cultural Municipal e outro desde a rúa Xosé Fernández López, e contará cunha escaleira lateral



de acceso á parte alta do auditorio, fundamental no caso de que estean as gradas recollidas. O edificio contará tamén cun espazo exterior cuberto de usos múltiples vinculado ao auditorio actual do Centro Cultural no que se desenvolverán actos ao aire libre.

Cinturón negro de Jiu Jitsu para o Campionato Europeo



Ricardo Baz Pereira, veciño de Atios, foi recibido polo Alcalde, Alejandro Lorenzo, no Concello, para falar de jiu jitsu, unha arte marcial xaponesa moi popular no Brasil, e do seu recente salto á "faixa preta" (cinturón negro). O loitador estase preparando xa para o Campionato Europeo de Roma en outubro e o de Lisboa en xaneiro.

Baz Pereira xa fora subcampión de Europa no 2018 e bronce na categoría absoluta, busca agora repetir fazaña e incluso melloralala no campionato europeo que terá lugar en Roma os días 17 a 20 de outubro na especialidade "no-gi" (sen kimono), e no europeo da especialidade "gi" (con kimono) en Lisboa do 17 ao 25 de xaneiro.

Vehículo SUV para reforzar a Protección Civil

Agrupación de Voluntarios de Protección Civil do Porriño conta cun novo vehículo SUV 4x4 adquirido mediante un sistema de renting de 600 euros ao mes para todo tipo de camiños que permitirá mellorar a súa capacidade de resposta ante calquera emerxencia e labores de prevención. Súmase así aos dous vehículos dos que dispoñen, unha pick up e unha furgoneta.

A agrupación conta actualmente con máis de 30 efectivos, participando en máis de 2.300 operativos anuais en colaboración coa Policía Local e a Garda Civil, asistencia en accidentes de tráfico,



incendios forestais, industriais e urbanos, accidentes laborais ou operativos de prevención en diferentes eventos. O Concello incrementou a 40.000€ a achega anual para esta agrupación.

XXX edición de "Merca na Rúa"

Porriño acolleu a XXX edición da feira de oportunidades "Merca na rúa", organizado pola Asociación de Comerciantes e Industriais do Porriño (Acipor) en colaboración co Concello do Porriño. Nesta edición contaron cun total de 23 postos con diferentes produtos e sectores e

grandes descontos, ademais de actividades para a cativada coomo os obradoiros infantís impartidos por SuperSugar e Hypatia e os concertos coincidindo coa programación das Festas do Cristo de narración oral e música Trailalareira, con Vero Rilo e Santi Cribeiro, Kedirán e DoRoxo Presbiçian.

Premio á innovación educativa no CEIP da Ribeira

CEEIP da Ribeira de Torneiros posicionouse como o primeiro centro galego no programa Observa_Acción, unha iniciativa da Xunta na que o profesorado participante observase entre si para mellorar as súas competencias e á vez coñecer outras fórmulas docentes que poidan aplicar nas súas aulas.



Volven as andainas para maiores

Tras o parón estival, a concellería de Sanidade do Concello de Porriño, en colaboración co Centro de Saúde, retoma en outubro as andainas saudables dirixidas a persoas maiores de 65 anos. Esta actividade, que tivo un



gran éxito desde o seu inicio, volve co obxectivo de fomentar a actividade física e o envellecemento activo, ao mesmo tempo que contribúe a combatir o illamento social que afecta a moitos dos nosos maiores.

Bolboreta
TINTORERIA & LAVANDERIA

604 075 553

Rúa Fernández Areal 10-Bajo. 36400 O Porriño (Pontevedra)

Servicio a Domicilio Gratuito

PN Verónica Bastos

POWER NUTRITION

Rúa Doutor Paz Varela, bajo. Teléfono 667 34 52 99. 34400 - O PORRIÑO

Power_nutrition_asesoramientos

Dietsana
DIETÉTICA Y SALUD Desde 1992

986 337 684 C/. Cando, 15 O PORRIÑO

986 642 719 C/. Alcalde Daniel Ojea, 10 PONTEAREAS

O PORRIÑO - SALCEDA

Unha mirada da emigración en feminino

A Praza do Concello de Salceda acollerá ata o 17 de outubro a exposición itinerante "Pontevedra e América. Unha mirada en feminino", da man da Deputación e da Cátedra Iberoamericana da Universidade de Santiago de Compostela (USC) para poñer en valor a historia de trece mulleres cuxo nexo de unión é a emigración e a relación entre Pontevedra e o outro lado do Atlántico.

Bernarda Pereira, Blanca Rodríguez, Margarita Bilbatúa, Sofía



Novoa, Concepción Pazo, Chita Lamas, Rosina Villaverde, Antía Cal, Reyna Pastor, Concha Nogueira, Isaura Abelairas, María Xosé Porteiro e Noemí Cendón son as protagonistas da exposición.

Charlas sobre o Alzheimer nas parroquias salcedenses

Co gallo de conmemorar o día mundial do Alzheimer este 21 de setembro, o Concello de Salceda e a asociación Afaga organizan un ciclo de charlas itinerantes e formativas nas parroquias titulado "Alzheimer e outras demencias: que son, pautas de prevención e actuación". O ciclo deu comezo o pasado martes día 17 de setembro na parroquia de Entenza e rematará o día 25 de outubro na Picoña.

Estas xornadas teñen como obxectivo fundamental o de sensibilizar sobre o idadismo, os dife-



rentes tipos de demencias e información básica sobre as mesmas, a realidade das persoas cuidadoras non profesionais de persoas dependentes, as formas de apoiar e comunicarnos con persoas afectadas polas demencias ou a im-

portancia da prevención das mesmas. Para completar esta iniciativa, celebrarase tamén unha sesión dirixida ás forzas e corpos de Seguridade, á que están convidados Garda Civil, Policía Local e Protección Civil.

Máis dun centenar de actividades nas Festas do Cristo

As Festas do Cristo do Porriño deron comezo este 1º de setembro coa carreira ciclista "A Nocturna 2024", e rematarán o 29 de setembro coa tradicional Festa dos Callos e a final do certame "Tes Talento?".

Será un mes completo con máis de 100 actividades para público de todas as idades e todos os gustos: actividades infantís e familiares, aeromodelismo, graffiti, monólogos, teatro, presentacións de clubs deportivos, carreiras a pé, de ciclismo e motos, flashmob, e moitos e diversos espectáculos musicais,

incluídos os festivais Louro Valley e o Montando Cristo e as tradicionais verbenas.

A porriñesa Juana da Cruz "Juaniña" foi a encargada de dar o pistoletazo de saída aos días grandes desde o balcón da Casa Consistorial coincidindo co seu cen aniversario. Na programación relixiosa salienta a misa solemne e a procesión do Santísimo Cristo da Agonía, o domingo 22 de setembro, nas que participarán a Coral Polifónica da Escola Municipal de Música, a Banda de Guerra da Brillat a Escuadra de Gastadores, a Banda de Gaitas Os Coribantes e María Vidal.

Festas do Cristo sen discapacidade auditiva

As Festas do Cristo do Porriño serán este ano inclusivas cun pregón en lingua de signos, espazos reservados en todos os eventos e concertos para as persoas con discapacidade funcional e as mochilas vibratorias para persoas con discapacidade auditiva, prestadas polo Concello de Nigrán. Estas mochilas permitirán sentir o ritmo da música

no Louro Valley e da orquesta Panorama.

As mochilas incorporan unha tecnoloxía que recibe o son e o transforma en vibración. Incorporan, ademais, un equipo de FM por lazo inductivo que deriva o son sen interferencias aos dispositivos auditivos (audifonos ou implantes cocleares con función T) das persoas que as portan.

**¡ROMPEMOS LOS PRECIOS!
MEJORAMOS EL PRECIO
DE TUS SEGUROS**

ENVÍANOS UN WHATSAPP Y
TE ENVIAMOS PRESUPUESTO
SIN COMPROMISO

633 60 12 57

Rúa do Pinar, nº13, Bajo B, O Porriño
986 33 14 20
633 60 12 57
josefuis.bugarin@agencia.axa.es
segurosbugarin@gmail.com

ORGASERCO, S.L.
ORGANIZACIÓN E ASSESORAMENTO
DE EMPRESAS

José Abraldes Amil
Economista

Avda. de Galicia, 13 Portal 3 Ofic. E 36400 - O Porriño (Pontevedra) Telf. 986 33 82 90 - Fax 986 34 43 87
abraldes@orgaserco.es

NL
Hnos. Núñez Lorenzo, s.l.
CORREDURIA DE SEGUROS
carlos@hnos-nunez.com

ASEFISLA
SALCEDA S.L.
ASESORÍA INTEGRAL DE EMPRESAS
paulo@asefisia.com

Salceda de Caselas. Pz. Concello, 14
986 349 075 - 986 347 391 - 660 112 136
Salvaterra de Miño. Rúa Galicia, 14
986 658 245 - 986 659 267 - 629 587 358
Tui. Travesía Foxo, 4
986 601 539 - 609 765 228
Vigo. Avda. Gregorio Espino, 3
986 265 000 - 608 333 992
O Porriño. Avda. Galicia, 38
986 339 787 - 615 381 878

Loli Castiñeira | Alcaldesa de Salceda de Caselas

"A nosa prioridade é o saneamento de Salceda"

Na súa segunda etapa como Alcaldesa, Loli Castiñeira (Movimento Salceda) amosase satisfeita coa xestión dun equipo de goberno "formado, cohesionado e escollido por min" e que conta agora cunha maior experiencia política.

Volve a ser Alcaldesa, agora gobernando en minoría. Entre a súa primeira etapa e a actual, nota algunha diferenza, algún cambio significativo?

Cambios sempre hai, e mais cando se cambia o equipo. A primeira etapa foi moi positiva, foi de cohesión posto que o equipo non se coñecía e ademais formábase co PSOE. Foi unha etapa tamén de aprendizaxe, de colaboración e de ser solidarios cos compañeiros e compañeiras que chegaban por primeira vez á política. Esta nova etapa é un equipo escollido por min, cohesionado e con persoas formadas. Polo tanto estou moi contenta e orgullosa dos meus compañeiros e compañeiras porque están facendo un traballo estupendo e que, no caso de Selene (González Luis) e de Marcos (Troncoso Estévez), xa teñen agora unha bagaxe de experiencia política máis importante.

Hai algunha prioridade, algún "proxecto estrela" para esta nova lexislatura?

Sen dúbida o "proxecto estrela" é o saneamento. Durante toda a precampaña e con anterioridade, porque nos gusta estar cerca da xente visitando as parroquias, nos dimos conta que a gran demanda era o saneamento. Estamos traballando arreo para que diferentes partidas económicas sexan destinadas a elo e pronto comenzaremos co saneamento da Presa,

unha urbanización da parroquia de Parderrubias e estamos negociando coa Confederación Hidrográfica o posible saneamento das parroquias de Soutelo e Entenza que carecen deste servizo.

Recentemente o goberno municipal declarou ter un remanente de 1,4M€ en tesourería. Significa isto que o Concello está economicamente saneado?

Este xoves (29 de agosto) hai un pleno ordinario onde aprobaremos un REC (Recoñecemento Extraxudicial de Crédito) de 806.551€. Pagando esas facturas faremos o pago completo das que están pendentes de 2023 e tamén as facturas pendentes de crédito ata maio de 2024. Polo tanto a situación económica do Concello é serena; gustaríame que fose mais boiante pero neste momento é de serenidade.

Iniciativas como o Servizo de Atención Temperá (SAT), a atención ás parroquias, entre outras, dan a entender que a política social é unha sinal de identidade deste goberno?

Sen dúbida e ademais é algo do que presumimos. Falaba antes da compañeira Selene, unha persoa que ademais de Socioloxía fixo precisamente estudos de Servizos Sociais; polo tanto a aposta é clara. Neste pouco mais de ano de lexislatura estamos impulsando un Servizo de Escolas de Familia, algo moi demandado; vemos de asinar un novo convenio do SAT

co Concello das Neves que será aprobado en pleno municipal; o III Programa de Igualdade tamén colaborando coas Neves e con Salvaterra de Miño. Seguimos mantendo o gabinete de psicoloxía, cunha persoa adicada á logopedia e pedagogía; un gabinete exclusivo que sempre presumo é único na comarca xa que é difícil ter este servizo nun Concello que ten 5M€ de orzamento e unha poboación tan reducida, 9.500 persoas aproximadamente neste momento. Seguimos tamén mantendo e incrementando servizos como Xantar na Casa e o de Camas Articuladas.

Salceda forma parte da área metropolitana de Vigo. O municipio está aumentando demograficamente a tal punto que estase convertendo nunha especie de "cidade dormitorio" de Vigo. Isto implica impulsar unha política definida en materia de vivendas. Como está o Concello acometendo esta realidade?

Con respecto á área metropolitana temos dúas grandes carencias: a primeira, que non é competencia nosa, é o transporte, totalmente deficitario en Salceda e nos Concellos da área e que a Xunta de Galicia non pón solución a este problema. Dende Salceda e dos Concellos que forman parte da GDR Condado Paradanta presentamos alegacións e propostas a este Plan de Transporte que



non foron recollidas. Esta iniciativa permitiría unha mobilidade xusta e equilibrada de cara á cidade de Vigo e os diferentes Concellos; é unha pena que fora rexeitada porque se algo me traslada a min a veciñanza é precisamente a carencia dese transporte.

A outra das grandes carencias é a vivenda, que tampouco é competencia deste Concello, pero mesmo así temos a responsabilidade e traballamos arreo para elo. Unha vez aprobada a primeira parte do PERI, fai dous meses e medio aprobamos a segunda parte que nos permite ter moitos metros cadrados para vivenda social. Remitimos esta aprobación do PERI e a solicitude de vivenda social á nova Conselleira María Martínez (Vivenda e Planificación de Infraestruturas); solicitamos unha reunión para ofrecerlle terreos gratuítos para a construción de vivenda social que non só necesitan aquelas economías máis reducidas senón tamén a nosa xuventude.

A Zona Franca a través da PLI-SAN están expandindo chan industrial. Está isto repercutindo en Salceda en materia de investimentos económicos e de creación de emprego?

A Xunta acaba de aprobarnos unha subvención para un obradoiro de emprego por case medio

millón de euros. Tamén levamos dous programas integrais de emprego, un deles xa aprobado na lexislatura anterior. A aposta polo emprego é clara; de feito en Salceda é moi pouca a xente desempregada. Incluso cústanos buscar persoal para este tipo de programas. O último dato que teño sobre o desemprego en Salceda é do 2,5%, un índice moi baixo.

A GDR Condado Paradanta, da que Salceda vén de integrarse. Cómo observa esta iniciativa en materia de promoción turística e valorización do territorio?

É un posicionamento estratégico interesante. Creo que é un acerto a agrupación de 10 Concellos do Condado Paradanta no que está tamén incluído Salceda de Caselas para a defensa e promoción do territorio. O noso Concello está traballando nunha axenda enoturística que poña en valor os Callos, precisamente agora coa Festa dos Callos (1 de setembro); que valorice o noso viño a través dunha ruta que estamos poñendo en marcha. Fai pouco puxemos tamén o treito de running, unha ruta que forme parte de todo o Condado Paradanta e que polo de agora só pasa por Salceda, Ponteareas e Mondariz. En definitiva o GDR é un lugar ideal para pór en valor o noso territorio de maneira conxunta.

ALONG GROUP

- Asesoría de empresas y autónomos.
- Herencias y tramitación de escrituras.
- Gestiones en Tráfico y Transporte.
- Servicios inmobiliarios y tasaciones.
- Creación de empresas y asesoría de emprendedores.
- Tramitación ayudas y subvenciones.
- Asesoramiento Jurídico.

Avda. Rosalía de Castro, nº 7 (36860) Ponteareas - Pontevedra
Tel: 886 155 341 / 698 190 794
info@grupalong.com www.grupalong.com

DOÑER KEBAB DKE

Porriño - 604 46 29 39 Salvaterra - 604 47 22 47
Salceda - 672 47 46 39 A Cañiza - 604 48 46 46

Talleres Guiller Motor

Puzo-Lira, 24
36459 SALVATIERRA (Pontevedra)
Venta de vehículos usados
Tel./Fax 986 66 15 41

SPG TALLERES

SALCEDA DE CASELAS

Obras de recuperación no Centro de Enfermidades Neurodexenerativas

O Concello de Salceda vén de botar a andar as obras de recuperación da segunda planta do Centro de Enfermidades Neurodexenerativas da Vendanova, no cal desenvolve a súa actividade AFAGA.

O obradoiro de emprego de Salceda conta con un total de 20 persoas como alumnado (10 en albanelería e 10 en carpintería), que realizarán a obra coordinados polo equipo de mestres e dirección do obradoiro. A reforma vai permitir realizar traballos centrados nas familias, contando con un



novo espazo para a atención psicolóxica, a formación e o acompañamento, ademais de funcionar como punto de encontro.

400.000€ para novo obradoiro de emprego

O Concello de Salceda de Caselas recibiu un novo obradoiro dual de emprego a desenvolver entre decembro de 2024 a setembro de 2025 para a formación de 20 persoas en albanelería e carpintería de madeira.

O alumnado levará a cabo tarefas de recuperación e posta en valor dos canastros da Arrotea (A Picoña), os lavadoiros de Fontán (Parderrubias) e da Costa da Prata (Entenza), a Fonte do Rial (A Picoña) e o Pozo da Feira (Santa María). Ademais tamén se levarán a cabo tarefas de recuperación dos valados e paneis



das diferentes sendas existentes no municipio. Así o goberno municipal aposta pola recuperación e posta en valor de diferentes recursos patrimoniais e naturais do Concello.

VII Pincho Folk

O Concello de Salceda celebra a VII edición do Pincho Folk, que se realiza os venres e sábados do 6 ao 28 de setembro cun total de 14 establecementos con propostas como miniburger, fabada, tosta de queixo,

timbal de patacas, xarrete estofado, e así ata catorce platos diferentes, todos eles ofertados a 1,50€, e música tradicional.

Os participantes optan a premios como unha fin de semana de enoturismo na Ribeira Sacra

para dúas persoas, un bono tamén para dúas persoas no "Palacio del agua" de Mondariz, un lote productos formado por viño e embutidos, ou 15 vales de compra de 20€ para canxear nos establecementos de ACISA.

Referente do pump track en Galicia



O Concello de Salceda de Caselas vén de recuperar o circuíto de pump track existente no barrio do Torrón, na parroquia de Entenza, o único de terra en Galicia, realizando obras de mellora no mesmo que fan que de novo poida ofrecer a súa mellor cara

para as persoas amantes deste deporte.

O circuíto de Salceda foi construído fai máis de unha década coa axuda da Asociación Xuvenil "Made in Salceda" e da xenta da comunidade biker da zona nos terreos cedidos pola Comunidade de Montes de Entenza.

Aprobada moción socialista de saneamento para Entenza

O Pleno Ordinario do Concello de Salceda de Caselas celebrado o 29 de Agosto aprobou por unanimidade a moción presentada polos concelleiros do PSdeG-PSOE, Xurxo Gregorio e Saúl Olmo e defendida polo primeiro. O Grupo Municipal Socialista pediu en devandita moción instar o goberno municipal a que lle solicite á Confederación



Hidrográfica do Miño-Sil o seu compromiso de inversión co Concello de Salceda, en concreto na finalización da senda fluvial do Río Caselas en Entenza.

Os concelleiros do PSdeG-PSOE tamén solicitaron que se informe as veciñas e veciños dos trámites a seguir para o baleirado de fosas. Esta tarefa que

está sendo levada a cabo polo Consorcio de Augas do Louro, aínda non é coñecida pola veciñanza na súa totalidade, e en moitos dos casos xera dúbidas a solicitude do servizo entre as posibles persoas usuarias que o poden necesitar. O Pleno tamén aprobou renovar o Servizo de Atención Temperá, servizo mancomunado co Concello de As Neves, dirixido para nenas e nenos de 0 a 6 anos.

Bodas - Comunionés
e todo tipo de celebracións

Teléfono 986333404
info@restaurantemanolo.es
Antonio Palacios 101
A52 - Salida 305 - PORRIÑO

Manolo
RESTAURANTE

A Cañiza homenaxea ao seu artista Diego de Giráldez

O Concello nomeou como Fillo Predilecto da Cañiza ao pintor, escultor e anatomista Diego Giráldez máis universal no marco da celebración dos 27 anos da formación da súa Casa Museo e dos 18 anos acollendo visitantes.

O Alcalde Luís Piña e concelleiros de Goberno acompañaron a Diego de Giráldez na Praza do Concello nun acto no que tamén estivo presente o Delegado da Xunta en Pontevedra, Agustín Reguera e numerosas personalidades do mundo da cultura, moi especialmente o seu gran amigo Gerardo Pérez Calero, Catedrático



de Arte da Universidad de Sevilla e gran coñecedor da súa obra. O folclore e a tradición musical galega tamén estiveron presentes.

BNG leva o "caso Altri" ante a Eurocámara

A eurodeputada Ana Miranda acusou aos deputados do PP no Parlamento Europeo de manobrar na Comisión de Peticións para que as denuncias presentadas contra a instalación da planta Altri en Palas de Rei non sexan debatidas nesta Comisión o vindeiro 3 de outubro por vía de urxencia, tal e como aprobou a propia comisión parlamentar a comezos de setembro a petición da eurodeputada do BNG.

A comparecencia dos representantes das plataformas contrarias á instalación de Altri permitirá explicar novamente en Bruxelas as repercusións negativas desta planta, entre as que se atopan diversas vulneracións medioambientais, posto que Altri



pretende verter auga no río Ulla e no encoro de Portodemouros, así como a afectación da Rede Natura (ZEC Serra del Careón, ZEC Sistema Fluvial Ulla-Deza e ZEC Sobreirais del Arnego), que tería como consecuencia a destrución de zonas de especial protección nas que existen especies endémicas.

Centenario da Entidade Local Menor de Vilasobroso



A Entidade Local Menor de Vilasobroso celebrará este 21 de setembro o seu primeiro centenario a través dun acto aberto nas inmediacións do rehabilitado Colexio de Valiño convertido en Centro Veciñal de Vilasobroso. No acto se presentará unha exposición que resume os fitos máis importantes nestes cen anos como entidade e se recordará a tódolos presidentes da

Entidade cunha entrega de condecoracións e moi especialmente a José Márquez Paramés como veciño insigne da Vila e destacado historiador e divulgador da memoria histórica da comunidade, con varias publicacións e un traballo inesgotable que preservan a identidade de Vilasobroso. O acto contará coa presenza e a música da Banda de Música Cultural de Mondariz.

Ruta do Viño das Rías Baixas no Condado e O Rosal

A Deputación de Pontevedra xunto coa Ruta do Viño Rías Baixas estean os Buses da Vendima, unha iniciativa a través da cal pretenden dar a coñecer o proceso de recollida da uva nas subzonas do Condado, o sábado 21 de setembro, e O Rosal, o domingo 22. Os autobuses partirán e chegarán a Pontevedra e Vigo.

O bus da vendima pola subzona do Condado do Tea contempla

unha parada na adega Señorío de Rubiós para coñecer o proceso de elaboración, participar na vendima, e catar viños, así como unha visita a Nande Hotel da Natureza e un paseo por Ponteareas antes de rematar a xornada cunha visita guiada ao Castelo do Sobroso. Pola súa banda, o percorrido pola subzona do Rosal inclúe a visita a adega Terras Gauda, unha visita á Guarda e un paseo en barco histórico polo río Miño.

GASOLEOS TEA S.L.

Distribuidor oficial REPSOL para:
CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN

SERVICIO A DOMICILIO

986 66 13 90
986 66 13 89

PONTEAREAS

A GUARDA | 986 61 43 61

REPSOL

LIMPIEZAS PONTEAREAS

Comunidades, colegios, oficinas, moquetas,
abrillantado de suelos, primeiras obras, fachadas

986 661 052 limpiezasponteareas@gmail.com

Rúa As Lavandeiras, 3 bajo Ponteareas